

FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA MATERIAL ESCOLAR CURSO 2023-24

PRAZO: dende o 20 de maio 2023 ata o 21 de xuño 2023. Será un prazo único, non haberá outro. De NON entregar a solicitude en prazo perderá o dereito a axuda de libros.

INFORMACIÓN:

- Información: [Información xeral da Consellería](#)
- Solicitude telemática: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>
- [Orde do 10 de maio de 2023 \(DOG\)](#)

INDICACIÓNS IMPORTANTES

- **Solicitudes:** A solicitude será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados, que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/24, e nela especificarase o nivel de estudos que espera realizar cada un deles no citado curso. Se estivesen admitidos en centros docentes distintos, presentarase unha solicitude en cada un dos centros, en que se incluírán os admitidos nese centro para o curso 2023/24. [No caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica](#) empregando a aplicación fondolibros [será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno](#) aínda que estean no mesmo centro
- **Lugar de presentación das solicitudes:**
 - Alumnado admitido para o curso 2023_24 no IES O COUTO: na secretaría do centro IES O Couto.
 - Alumnado aínda non admitido para o curso 2023_24: na secretaría do centro no que estea matriculado durante o curso 2022-23.

PASOS

1. CUMPRIMENTACIÓN DA SOLICITUDE (Anexos I e II)

Hai varias formas de facelo:

- a) Cubrindo o formulario normalizado na aplicación FONDOLIBROS: <https://www.edu.xunta.es/fondolibros>, Unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardar a solicitude, obtendo así o número de solicitude. **Deben imprimirse a solicitude e o anexo II,**
- b) ou poden descargar os impresos na páxina do centro (<http://www.edu.xunta.gal/centros/iescouto/node/869>)
- c) ou en último caso, solicitándo os formularios no centro

2 . PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

- a) Presencialmente na secretaría do IES O Couto: deberán entregarse os Anexos I e II cubertos e asinados. Deberá acompañarse da documentación correspondente.
- b) ou pode presentarse telemáticamente Se cubriu o formulario na aplicación Fondolibros, pode presentala telematicamente, **xunto coa documentación**, na Sede Electrónica de Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>)

3. CONSULTA DE DATOS DE FORMA AUTOMÁTICA

- c) Se non manifesta oposición na solicitude, se fará unha consulta automática de:
 - o DNI ou NIE
 - o Declaración da **renda 2021**
 - o Grao de discapacidade recoñecido pola Xunta de Galicia.
 - o Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez, ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade (equivalente a unha discapacidade igual ao 33%)
- d) Se algún membro da unidade familiar **se opón** a esta consulta, deberá indicalo no recadro correspondente da solicitude e achegar os documentos xustificativos correspondentes (DNI ou NIE, declaración da renda 2021, etc.)
- e) **No caso de non ter feito a declaración da renda 2021 deberá aportar o certificado tributario de imputacións (Solicítese en Facenda).**

4. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR

Poderán presentar a solicitude os pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado.

a) Anexos I e II cubertos e asinados

b) Se o solicitante ten DNI ou NIE, debe achegar:

1. Libro de familia onde consten todos os membros computables a 31 de decembro de 2021. Se non se dispón del ou este non reflecta a situación en 31 de decembro de 2021, poderán acreditar o número de membros mediante:
 - Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - En caso de **separación ou divorcio**, achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.
2. **Se o solicitante non posúe DNI ou NIE** poderase acreditar o número de membros computables utilizando algún dos seguintes medios:
 - Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables.
 - Certificado ou volante de convivencia.
 - Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.
 - Nos casos especiais, en que a composición da unidade familiar non se axuste ao sinalado no artigo correspondente da orde, achegárase un certificado ou volante de convivencia no que deberán figurar o/a alumno/a e todos os familiares que convivan con el/ela, ou un certificado dos servizos sociais do concello que acredite a situación familiar.

c) Para todos os casos, e se fose preciso e para calquera membro da unidade familiar:

- Certificado do grao de discapacidade recoñecida por órganos que non son da Xunta.
- Documentación xustificativa de situación de violencia de xénero no ámbito familiar.
- Resolución xudicial de incapacitación con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou certificado do centro de menores, para o alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia.
- Certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor o titores carezan de DNI e NIE.**
- **No caso de non ter feito a declaración da renda 2021 deberá aportar o certificado tributario de imputacións (Solicítese en Facenda).**

*En todo caso, os documentos deberán ser válidos e eficaces no momento da súa presentación, e reflectir a situación persoal, familiar e económica en **31 de decembro de 2021**, agás cando unha sentenza de separación ou divorcio posterior a esa data atribúa a custodia exclusiva a unha das persoas proxenitoras e no caso de violencia de xénero, en que se aplicará o disposto na lexislación específica.*